

NOME: .....

## A sorpresa

Estaba rematando o verán e xa pensaba que ía quedar o resto das vacacións na casa. Vale, xa fomos á piscina, xogamos a unha chea de cousas e visitamos sitios increíbles. Pero... cando chegase ao colexio, todos os meus amigos falarían dos sitios tan maravillosos nos que estiveron, e eu apenas saíra do barrio. Xa asumira que non iríamos a ningún sitio, cando papá chegou do traballo á casa e dixo: «Preparade as maletas, que imos de viaxe!».

Vaia sorpresa! E non só polo de ir de viaxe (que tamén), senón porque papá nos fixo asomarnos á ventá e vimos unha inmensa autocaravana, desas que teñen de todo. Coa emoción, Virxinia e mais eu apenas puidemos durmir.

Á mañá seguinte erguémonos moi cedo, para aproveitar e poder visitar moitos sitios. Fomos ao norte, porque desde alí podíamos estar preto da costa e da montaña. Coa caravana pasamos a través dunhas montañas altísimas. Tanto que se vía neve nos seus cumes. E iso que estabamos en agosto! Pregunteille a mamá se a estrada pasaba por alí. Pero díxome que a nosa ía a través do val, e por túneles, para evitar subir tan alto. Virxinia preguntou se subiríamos algún día para ver a neve (non era que nunca viramos neve, pero en agosto resultábanos un pouco estraño). Mamá mirou a papá. Non parecían moi convencidos, así que uníame á proposta de Virxinia:

– Si, por favor! Seguro que ningún dos meus amigos estivo na neve no verán.

Non sei se ao final os convenceu o meu argumento, ou máis ben o fixeron para evitar que nos enfadaramos xa de partida. O caso é que subimos un día a aquelas magníficas montañas e puidemos ver grandes lagos, producidos polo desxeo. Desde alí baixaba un río de augas enfurecidas, porque, ao estar no alto da montaña, baixaba moito máis rápido pola pendente.



Pero a maior parte das vacacións pasámola na praia. O noso cámping estaba no alto duns acantilados, e desde alí podíamos ver a baía, coa enorme praia que a percorría. E ao lonxe, víase unha illa. O señor que estaba ao lado da nosa autocaravana contoulles aos seus fillos que se trataba dun antigo cárcere. Naquela illa, encerraban os presos máis perigosos para que non puidesen escapar. Cando lle contei a Virxinia aquela historia, díxome que era todo unha mentira; pero creo que a miña irmá máis ben o dixo porque todas estas historias non lle gustan. Seguro que se fose sobre un castelo...

Ao final das vacacións, ao chegar á casa, non podía crer a cantidade de aventuras que viviramos ese verán. Xa tiña ganas de comezar 4.º de Primaria para poder contarlles aos meus amigos todo o que fixera durante o verán.

1) Contesta as seguintes preguntas:

a) Que sorpresa tiña o pai de Rubén para a súa familia? .....

b) Estaba contento Rubén coa sorpresa? Por que? .....

c) Que había nos cumes das montañas?

a. Paxaros      b. Nubes      c. Nerve

d) Pensaban subir ás montañas nun principio? Por que? .....

e) Por que di Rubén que subiron ao final?

a. Porque eran uns pesados.

b. Porque as vistas eran maravilosas.

c. Por insistencia e porque os seus pais non querían enfados.

f) Por que se forman os grandes lagos que viron entre as montañas?

a. Por ser inverno.

b. Polas chuvias.

c. Polo desxeo.



